



AXENDA 21 LOCAL DE LUGO

Plano de Acción

1. INTRODUCCIÓN

A A21L é un ambicioso proxecto que senta as bases para que cada Goberno municipal inicie un proceso de diálogo cos seus cidadáns, organizacións locais e empresas privadas co fin de aprobar un programa de accións encamiñadas a mellorar a sostibilidade do seu modelo de desenvolvemento.

Esta iniciativa xurde como desenvolvemento do capítulo 28 do Programa 21 aprobado por 173 Gobernos de todo o mundo durante a Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento, celebrada en Río de Janeiro en 1992. Este capítulo insta ás autoridades locais a iniciar un proceso de diálogo coa cidadanía para a elaboración de accións e promoción de iniciativas que favorezan un modelo de desenvolvemento sostible no ámbito local.

2. A AXENDA 21 LOCAL COMO ACTUACIÓN INTEGRAL

O Concello de Lugo, no marco do Eixo Atlántico, acordou elaborar a Axenda 21 Local; co obxectivo de construír un programa de acción conxunto para o desenvolvemento do territorio municipal e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes desde o paradigma da sostibilidade.

A Axenda 21L de Lugo, por tanto, imbrica ao conxunto de axentes Institucionais, económicos e sociais presentes no territorio na elaboración dun proxecto estratéxico compartido de futuro, que integre o equilibrio económico, a cohesión e a equidade social e o respecto e conservación do entorno ambiental e patrimonial.

A Axenda 21 Local quere constituírse nunha ferramenta que permita unha xestión máis eficiente da complexidade. Supón, desde estas premisas, unha actuación pública, de carácter integral, con base na corresponsabilización cidadá, que busca unha xestión máis eficiente do desenvolvemento. Neste sentido, estamos a falar dun proceso complexo:

- Polos distintos planos que comprende: economías locais viables, territorios ecoeficientes e comunidades participativas e implicadas, que respecten os límites dos recursos naturais dispoñibles, de xeito que se promova unha mellora da súa calidade de vida.
- Pola necesidade dunha implicación activa dos distintos niveis da Administración Pública: é necesario unha actuación multinivel, que actúe no ámbito local abrindo canles de implicación para a Administración Municipal, Provincial, Autonómica, Estatal e Europea.
- Pola necesidade de que a Axenda 21 teña unha presenza transversal na actuación do Goberno Local: con incidencia sobre todas as áreas e Departamentos que o conforman.
- Pola necesidade dunha corresponsabilización e participación activa da cidadanía: a Axenda 21 Local non debe ser tanto unha política para os cidadáns, senón *a partir deles*, contando coa súa colaboración e corresponsabilización. Isto significa dar cabida no proceso de elaboración e implementación da mesma ao conxunto de sectores que vertebran á sociedade, a través da participación de Institucións, empresas, asociacións e colectivos, e persoas desde o seu inicio.
- Pola necesaria articulación dos planos político, técnico e social: a Axenda 21 sostense nunha vontade política forte, nunha contribución técnica que garante a viabilidade e adecuación das propostas que integra, e nun compromiso da sociedade.

Asentado nestas premisas, o proceso de elaboración da Axenda 21L de Lugo conformou un vector de vertebración territorial tanto no plano Institucional como no social; asentado na apertura de momentos de reflexión e construción de consensos estratéxicos entre o conxunto de axentes participantes (Administracións, tecido empresarial, tecido asociativo, persoas con interese en implicarse no proceso). Concretado, finalmente, nunha planificación estratéxica nun corpus integrado de iniciativas para o desenvolvemento sostible.

Este documento recolle o conxunto de conclusións e propostas formuladas ao longo deste proceso, integradas nun esquema programático para o Concello de Lugo.

3. O PROCESO DE ELABORACIÓN DA AXENDA 21L DE LUGO: FASES DO TRABALLO

O proceso de elaboración da A21L de Lugo seguiu a estrutura lóxica de calquera proceso de reflexión e planificación estratéxica. Entendida como unha Política Pública de vocación integradora, este proceso tiña unha relevancia central por canto, pretendía, desde o diálogo social, activar os recursos do territorio ao redor dos obxectivos da sostibilidade. É por isto que o proceso desenvolveuse a través de dúas fases de traballo:

Fase I: elaboración dun diagnóstico da situación do Concello desde o paradigma da sostenibilidade:

A elaboración da A21L iniciou a súa andaina coa elaboración dunha primeira análise da situación de partida. Este análise caracterizouse polo seu enfoque integral, recollendo as dimensións ambiental, territorial, económica, social e institucional do concello; facilitando o seu mellor coñecemento, e orientando moi centralmente tanto a elaboración do Plan de Acción como a do sistema de indicadores de seguimento.

O diagnóstico aséntase na recompilación, sistematización e análise integrada de datos para a caracterización da situación do territorio (auditoría técnica); e na implicación dos axentes do territorio nunha dinámica de debate (plan de participación) para, integrando a perspectiva técnica, consensuar unha visión da realidade de partida que permitise a posterior definición conxunta do Plan de Acción da Axenda 21 Local.

Fase II: definición do Plan de Acción e do Plan de Seguimento da Axenda 21 Local de Lugo:

Unha vez realizada a elaboración do diagnóstico, abriuse unha segunda fase de traballo para a definición dunha estrutura de contidos para o Plan de Acción e o Plan de Seguimento da Axenda 21L.

A elaboración do Plan de Acción baseouse na formulación e contraste de propostas técnicas (auditoría técnica), e na implicación dos axentes do territorio nunha dinámica de debate (plan de participación); para, integrando a perspectiva técnica, identificar obxectivos estratéxicos e as acción a recoller no Plan desde bases de consenso.

4. O PROCESO DE ELABORACIÓN DA AXENDA 21 LOCAL: INSTRUMENTOS.

O proceso de traballo descrito asentouse na implementación de tres instrumentos interdependentes:

4.1. AUDITORÍA TÉCNICA:

A Auditoría Técnica incorporou un conxunto de estudos que permitiron a identificación, recompilación e sistematización de datos e, asociada á mesma, a delimitación das principais magnitudes que caracterizan á realidade do Concello de Lugo. A súa análise integrada, e o seu contraste no proceso de participación, permitiron unha mellor concreción do diagnóstico de partida.

A Auditoría técnica desenvolveuse a través dos seguintes eixes fundamentais de traballo:

- 1. Compilación e sistematización de datos secundarios:** a partir das fontes documentais e bibliográficas dispoñibles, seguindo unha estratexia de exhaustividade.

2. **Compilación e sistematización de datos primarios:** Partiuse da clarificación das necesidades precisas do estudio a este respecto, co obxectivo de aportar todas aquelas claves de análise específicas que non puideron ser concretadas desde a revisión documental. En concreto:
 - a. **Realización de entrevistas en profundidade** (a responsables técnicos e políticos do Concello, así como de asociacións presentes no territorio).
 - b. **Implementación dun cuestionario;** en concreto:
 - o Cuestionario de enquisa de opinión


4.2. PLAN DE PARTICIPACIÓN:

O Plan de Participación formulouse como un proceso de reflexión e concertación do conxunto dos axentes Institucionais, económicos e sociais, así como da cidadanía en xeral, co obxectivo de chegar a definir bases de acordo e corresponsabilización cara á elaboración da Axenda 21 Local. Este acordo conformouse inicialmente cara á elaboración do diagnóstico e, nun segundo momento, cara á definición do Plan de Acción.

Procurábase a posta en relación dos coñecementos científico-técnicos coas perspectivas e lóxicas de acción desde as que os distintos actores participan na construción da realidade do concello; así como a construción de bases de consenso nos que puidese asentarse o mellor desenvolvemento da Axenda 21 Local e dos contidos integrados na mesma.

O Plan de Participación pretendeu, por tanto, maximizar a efectividade do coñecemento xerado no proceso de elaboración da Axenda 21, de xeito que o paradigma da sostibilidade fose apropiado polos axentes locais e se xerasen novos esquemas de actuación no territorio nos que puidese asentarse o desenvolvemento do Plan de Acción.

ESQUEMA DO PLAN DE PARTICIPACIÓN



Os obxectivos do plan de participación foron o de:

- Favorecer e dinamizar a implicación dos actores sociais –Institucións e Entidades Públicas, tecido asociativo, tecido empresarial- e do conxunto da cidadanía nun proxecto de cidade sostible.
- Integrar ás distintas perspectivas e visións na constitución dun consenso social estratéxico que corresponsabilice ao conxunto da cidadanía no desenvolvemento sostible.
- Construír unha base sólida para a implementación da Axenda 21 Local, capaz de mobilizar a creatividade social e ós recursos dispoñibles no territorio municipal, sobre a base da corresponsabilización.
- Conseguir a implicación das Administracións Públicas responsables, de forma que se entenda a Axenda 21L como unha acción pública estratéxica e transversal, contribuindo, deste xeito, a afianzar a modernización do funcionamento da Administración.
- Canalizar o conxunto de aportacións, desde os planos técnico, político e cidadán, no deseño de documentos consensuados, tanto cara ao diagnóstico como ao plan de acción.
- Constituír o proceso de elaboración da Axenda 21 como momento de reflexión e aprendizaxe social para conformar un medio máis habitable hoxe e no futuro.

O Plan de participación da Axenda 21 Local formou parte da estratexia de sostibilidade promovida desde o Concello de Lugo. Pretendíase construír un consenso social estratéxico que corresponsabilizase ao conxunto da cidadanía no desenvolvemento sostible. Trátase de establecer un marco de diálogo que permitise a implicación da cidadanía na construción en común de aquel concello que nós quereríamos para o futuro.

A sostibilidade baséase na idea de que todos os actores –cívicos, políticos, técnicos, empresariais, etc.- son responsables na creación dun municipio máis desenvolvido, ecolóxico, socialmente integrado e con mellor calidade de vida; e que todos deben cooperar na súa realización. Neste sentido a participación foi un eixe central na Axenda 21 local, porque a implicación na súa elaboración é a garantía de compromiso na construción dun municipio mellor.

Con este cometido deseñouse un espazo de diálogo cívico denominado Foro da Sostibilidade, constituído polas entidades que vertebran aos sectores centrais da sociedade –veciñais, empresariais, ecoloxistas, sindicais, de mulleres, xuvenís, culturais, de integración social, etc- e a cidadanía en xeral.

O cometido do Foro foi consensuar un diagnóstico do municipio en relación á sostibilidade, e propoñer e debater propostas que conformen o Plan de Acción cara ao desenvolvemento sostible. Para iso o Foro desenvolveu diferentes reunións ao longo do período de elaboración da A21Local de Lugo, algunhas das cales foron en plenario e outras en mesas temáticas centradas naquelas problemáticas que se consideraron máis relevantes. O traballo de planificación desenvolvido no Foro realizouse de forma integrada coa auditoría técnica.

O Plan de Participación asentouse en diferentes niveis de traballo:

No nivel municipal constituíronse dous órganos de participación:

Unha Comisión Municipal de Seguimento da Axenda 21 Local (ámbito político), conformada polos responsables políticos vinculados á Axenda desde o Goberno Municipal e desde a oposición, así como polo responsable técnico da A21L do Concello. O seu obxectivo foi establecer un marco institucional favorable e motor do proceso.

Unha Comisión Interdepartamental do Concello (ámbito técnico), conformada polos responsables técnicos dos Departamentos Municipais considerados relevantes cara á implementación da Axenda 21 Local, así como polo responsable técnico da A21L do Concello. O seu obxectivo centrouse, basicamente,

na concreción e na implicación transversal da Organización Municipal na elaboración da Axenda 21 Local.

No nivel social, realizouse:


Foro da Sostibilidade Local; espazo central de participación a través do que se vehiculou a elaboración da Axenda 21 Local. Espazo no que se idearon, deliberaron e determinaron as estratexias de sostibilidade. No Foro déronse cita técnicos e políticos de diferentes administracións presentes no territorio e do tecido social que vertebran aos sectores centrais da sociedade, e da cidadanía en xeral.

O Foro da sostibilidade realizou, nun primeiro momento, unha reflexión diagnóstica común sobre a situación de partida -fase de diagnóstico: priorización e análise común de problemáticas a abordar-, e, nun segundo momento, unha proposta consensuada das estratexias a contemplar na Axenda 21 Local -fase de ideación, contraste e priorización de propostas-. Ao longo do proceso de elaboración da Axenda 21 Local, o Foro da Sostibilidade recolleu dous formatos complementarios de traballo:

Plenarios do Foro da Sostibilidade: que agruparon ao conxunto de participantes no Foro nos momentos centrais da elaboración da Axenda 21 Local; en concreto, na identificación inicial das problemáticas prioritarias a abordar, e no peche consensuado tanto da reflexión diagnóstica como da proposta final de obxectivos e medidas a incluír na Axenda 21.

Mesas temáticas de traballo; cada un delas tivo o obxectivo de afondar na análise das problemáticas de cada ámbito ou sector analizado e de formular unha serie de propostas de actuación. As Mesas habilitadas para a operativización do proceso participativo foron: Mesa de desenvolvemento económico e emprego, Mesa de ordenación sostible do territorio, Mesa de medio ambiente, Mesa do medio rural, Mesa de servizos sociais e sanitarios e a Mesa de participación cidadá e conciencia comunitaria.

Ficha de propostas; dirixida a conxunto da entidades sociais do municipio para a apertura do Plan de Acción e integración de novas medidas de actuación.



CADRO TEMPORAL DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

	FORO DA SOSTIBILIDADE	OBXECTIVOS
FASE DE DIAGNOSE	1º FORO (21-06-04)	Presentación da diagnose da auditoría técnica e definición de problemas e de eixes estratéxicos de maior interese dende o punto de vista da cidadanía.
	2º FORO (28-09-04)	Contraste das problemáticas centrais en relación as diferentes eixes de sostibilidade establecidos. Primeira definición de obxectivos estratéxicos.
	FORO DO RURAL (28-02-05)	Espazo de participación de diferentes entidades rurais na definición de obxectivos e propostas de actuación no ámbito rural.
FASE DO PLAN DE ACCIÓN E DE SEGUIMIENTO	3º FORO (29-09-05)	Validación dos obxectivos e inicio das propostas de actuación a desenvolver.
	4º FORO (21-12-05)	Recollida de propostas para o Plan de Acción.
	FICHA DE PROPOSTAS (2006)	Apertura do debate a entidades e institucións que non asistiron ao foro, de cara a ideación de propostas. Ordenación e sistematización das propostas de actuación.
	FEBREIRO 2007	Elaboración dun borrador de Plan de Acción da A21L.
	5º FORO- MARZO 2007	Contraste e validación das propostas de acción recollidas no conxunto da sociedade.

4.3 PLAN DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN:

Ao longo da totalidade do proceso desenvolvéronse distintas actuacións que garantiron a difusión social do proceso de elaboración da Axenda 21, así como dos seus avances e conclusións. En concreto, elaboráronse documentos para a difusión dos espazos de participación e as súas conclusións; mantivéronse contactos cos medios de comunicación presentes no concello; e celebráronse roldas de prensa.

5. ESQUEMA ORGANIZATIVO DO PLAN DE ACCIÓN

Un Plan de Acción Local é un instrumento para orientar a xestión e políticas locais en pro da sostibilidade. Articúlase mediante un conxunto de obxectivos a acadar e accións a executar nun período de varios anos. O Plan de Acción constitúe o elemento fundamental e vertebrador da Axenda 21L.

O principal beneficio da posta en marcha de acción local para o municipio é que permite impulsar a execución dunha acción pública de carácter sostible e de maior calidade, incidindo positivamente na calidade de vida actual e futura da cidadanía.

Dentro do concello a implantación efectiva do Plan permitirá a integración de criterios de sostibilidade no seu funcionamento, así como unha maior coordinación e comunicación entre departamentos que contribúe a unha xestión municipal máis eficiente.

O Plan de Acción Local estruturase a partir da definición de Eixes de sostibilidade que constitúen os obxectivos fundamentais aos que pretende dar resposta o Plan. Cada Eixe estratéxico contén obxectivos específicos, enunciados en forma de Programas de Actuación. Estes Programas concréntanse nun conxunto de Accións, que constitúen a unidade básica e operativa do Plan. O Plan de Acción da A21L de Lugo recolle 258 propostas.

O Plan de Acción da Axenda 21 Local de Lugo contempla 5 *eixos da sostibilidade*, a súa vez, cada una deles materialízase en *programas* con obxectivos e medidas concretas. Esquemáticamente, o Plan de Acción, ten os seguintes apartados:

Principios de sostibilidade: formúlanse aqueles compoñentes interrelacionados do desenvolvemento sostible nas cidades. Está relacionado coa Declaración Ambiental.

Directrices estratéxicas: sinalan as *recomendacións* que afectan de forma conxunta á totalidade do Plan de Acción, orientan o desenvolvemento dos Programas e indican aqueles instrumentos nos que se deben sustentar as accións.

Marco de actuación: constitúense como premisas básicas, en relacionan aos principios e ás directrices estratéxicas da sostibilidade, da posta en práctica do Plan de Acción do Concello de Lugo.

Eixes de sostibilidade: establecen grandes áreas de actuación de acordo aos problemas centrais que condicionan a sostibilidade en Lugo. Cada un dos Eixes de Sostibilidade establecen o marco de programación da A21L.

Programas: constitúen actuacións viables, concretas e acordes cos compromisos pola sostibilidade. Cada programa marca unha serie de obxectivos a conseguir e medidas que concretan a súa posta en práctica.

5.1. PRINCIPIOS DE SOSTIBILIDADE.

Principios Institucionais

Posibilitar a participación da cidadanía nos procesos e decisións na procura dunha maior efectividade das políticas públicas e dunha implicación na consecución do ben común:

- ❖ Habilitar espazos de interlocución, diálogo e concertación coas institucións.
- ❖ Promover dinámicas e iniciativas que non xeren dependencias das administracións públicas.
- ❖ Reforzar e apoiar o papel dos actores locais no deseño e na consecución dos obxectivos de desenvolvemento.

Principios Económicos

Xeración de riqueza e benestar social desde un uso equilibrado e responsable dos recursos:

- ❖ Potenciar economías locais viables, que non exploten os recursos por enriba das súas capacidades de rexeneración.
- ❖ Articular a economía local en base aos recursos endóxenos. Que xere dinamización da economía local.
- ❖ Crear sinerxías e complementariedade entre os diferentes sectores produtivos locais. Que uns sectores tiren de outros.

Principios Ambientais

Protección e posta en valor do entorno que promova a rexeneración e disfrute dos recursos naturais e da biodiversidade:

- ❖ Coidar que o impacto das actividades da poboación non incidan negativamente na calidade de vida actual nin na das futuras xeracións.
- ❖ Promover o uso racional dos recursos naturais.
- ❖ Asegurar que os recursos naturais sexan un activo importante para o conxunto do territorio e da súa poboación, que formen parte da estratexia de desenvolvemento.

Principios Sociais

Promoción dunha calidade de vida que atenda á superación dos desequilibrios sociais, culturais, etc., do conxunto da poboación:

- ❖ Potenciar unha cidadanía crítica, cívica e responsable.
- ❖ Atender as necesidades e demandas sociais emerxentes, favorecendo a accesibilidade aos recursos e servizos sociais (sanidade, educación, lecer, etc).
- ❖ Promover a defensa e promoción da identidade cultural, económica e social na que se insire a cidadanía do territorio.

5.2. DIRECTRICES ESTRATÉXICAS.

- ❖ Entender a Axenda 21 Local como un instrumento de articulación e fomento das diferentes políticas locais. Abordalo como un marco de intervención flexible, adaptándoo ás necesidades cambiantes e aos novos retos derivados do cumprimento dos obxectivos dos programas.
- ❖ Definir marcos de diálogo e colaboración entre ás diferentes institucións e con respecto ás entidades sociais. Trátase de incardinar a posta en práctica do Plan de Acción a través dun marco estable de implicación e aproveitamento de sinerxías no desenvolvemento da A21L. Pactos Sociais pola Cidade.
- ❖ Recoller os informes técnicos existentes e o conxunto da traxectoria europea en materia de desenvolvemento sostible (preferentemente o apoiado pola Comisión europea): Informes técnicos da Asociación de Cidades e Rexións para a Reciclaxe, Guía para a programación enerxética urbana ENERGIE-CITES, ...
- ❖ Aproveitar as experiencias existentes a nivel estatal en relación ao desenvolvemento sostible, sobre todo a través da Rede Estatal de Cidades Sostibles.
- ❖ Poñer en común as experiencias e recursos do conxunto das cidades ou concellos galegos. Promover a creación dunha Rede de Concellos pola Sostibilidade e aumentar, desta maneira, as capacidades ambientais e cívicas da poboación galega.

5.3. MARCO DE ACTUACIÓN.

1. Procurar o manexo eficiente da materia normativa existente na consecución dos obxectivos da A21L.
2. Partir dos diferentes planeamentos existentes no concello: PXOM, Plan Estratéxico, Plan de Igualdade (2005-2007), ...
3. Promover a formación e capacitación das institucións e axentes sociais.
4. Deseñar fórmulas e metodoloxías de traballo para cada un dos eixes do programa.
5. Asignar recursos adecuados para a consecución dos obxectivos do Plan de Acción.
6. Ter en conta o conxunto dos indicadores establecidos para a avaliación continua de resultados, e o correspondente establecemento de mecanismos correctores.
7. Garantir a transversalidade na actuación da Administración. O Plan de Acción debe ser asumido polo conxunto dos Departamentos municipais e establecerse como un guieiro de actuación transversal.
8. Fortalecer procesos xeradores de sinerxías entre as diferentes accións programáticas.
9. Dispoñer daquelas fórmulas que supoñan unha maior transparencia e difusión do conxunto do Plan de Acción. Publicación periódica das actuacións das actuacións levadas a cabo dentro do marco da A21L. Sociedade do coñecemento.
10. Compartir recursos e aproveitar o uso das Novas Tecnoloxías (GIS) como oportunidade para a posta en práctica do Plan de Acción.
11. O Consello da Axenda 21 Local debe ser motor no impulso e desenvolvemento (seguimento) do Plan de Acción da Axenda 21 Local, así como o principal espazo para a concertación e implicación social.

5.4. EIXOS DE SOSTIBILIDADE.

EIXOS DE SOSTIBILIDADE	PROGRAMAS
DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO	<ol style="list-style-type: none">1. Apoio ao emprendemento, a innovación e á consolidación do tecido empresarial lucense.2. Fomento do emprego de calidade.3. Programa integral de desenvolvemento do medio rural no concello de Lugo.4. Fomento do turismo sostible.
ORDENACIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO	<ol style="list-style-type: none">5. Programa de mellora da calidade e da estética urbana.6. Posta en valor dos elementos patrimoniais do conxunto do concello.7. Configuración dunha mobilidade sostible para o ámbito urbano e rural.8. Revitalización do Casco Histórico da cidade.
MEDIO AMBIENTE	<ol style="list-style-type: none">9. Xestión integral, sostible e racional dos residuos.10. Sensibilización e Educación Ambiental cara á Sostibilidade.11. Xestión integral dos recursos hídricos.12. Promoción da autosuficiencia enerxética, eficiencia, aforro enerxético e emprego das enerxías renovables.13. Mellora da calidade ambiental do Concello de Lugo. Redución da

	contaminación atmosférica e acústica.
SERVIZOS SOCIAIS E SANITARIOS	14. Mellora na conservación do patrimonio natural e dos espazos verdes de Lugo.
	15. Mellora da xestión dos recursos públicos que se orientan ao campo da marxinalidade social.
	16. Calidade de vida da persoas maiores.
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E CONCIENCIA COMUNITARIA	17. Promoción da participación cidadá na xestión municipal.
	18. Dinamización asociativa e fortalecemento de redes de cooperación.

5.5. PRIORIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN SOCIAL DO PLAN DE ACCIÓN.

O Plan de Acción da Axenda 21 Local de Lugo inclúe unha priorización social dos programas. A priorización e a temporalización dos mesmos defínense en base a unha serie de parámetros (ver táboa). A proposta temporal para a execución do conxunto do Plan de Acción é de 8 anos. Polo tanto, a programación abarca dende o 2007-2015.

PARÁMETROS DE PRIORIZACIÓN SOCIAL DOS PROGRAMAS
✓ Cadro de financiamento previsto (europeo, estatal, ...).
✓ Cobertura organizativa e técnica.
✓ Impacto previsto.
✓ Grao en que o ámbito de actuación é competencia do Concello.
✓ Coherencia coa importancia dada á necesidade social.
✓ Correlación con outros plan e políticas de territorio.
✓ Sinerxías entre as medidas.
✓ Efecto demostrativo.

En función dos criterios que acabamos de citar, propónse a seguinte gradación temporal:

CURTO PRAZO	MEDIO PRAZO	LONGO PRAZO
2007-2009	2010- 2012	2013-2015

6. PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA A21L DE LUGO.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

PROGRAMA 1: Apoio ao *empredemento*, a *innovación* e á consolidación do tecido empresarial lucense.

Descrición

Trátase de establecer condicións favorecedoras para a consolidación dun tecido empresarial lucense, promovendo aquelas condicións que favorezan o asentamento e articulación de empresas produtivas. Do mesmo xeito, trataríase de establecer condicións de posibilidade para facer atractiva a constitución de empresas motor. Faise preciso promover a colaboración activa do concello coas asociacións das pequenas e medianas empresas.

O programa buscaría crear as infraestruturas empresariais que integren todas as fases do produto dende a fase extractiva ate a comercialización, completando ciclos e introducindo maior valor engadido ao produto. Precísase afondar nun maior coñecemento e incentivar o cooperativismo nos diferentes sectores produtivos do concello. Na mesma liña, habería que articular a comunicación entre a investigación e a industria da zona, así como posibles inversores públicos e privados.

A súa vez, este programa pretende articular a comunicación e a relación entre investigación e a empresa para incorporar con maiores garantías as Novas Tecnoloxías na dinámica de desenvolvemento do conxunto do territorio. A pretensión é a de crear un marco que facilite á innovación, investigación e desenvolvemento de actividades novidosas e de futuro.

Obxectivos

- Diversificar a economía.
- Incentivar o investimento privado na cidade.
- Promover a vertebración dos sectores económicos motor, procurando a xeración de valor engadido en Lugo.
- Facilitar a instalación de empresas que cubran os ocos da cadea de produción para pechar ciclos.
- Apoiar aos procesos de internacionalización das *pemes* e *micropemes*.
- Acadar infraestruturas e servizos acordes coas necesidades de innovación das empresas.
- Formar, capacitar nos sectores estratéxicos para Lugo.
- Incentivar a cultura da innovación no ámbito empresarial e laboral.
- Promover a instalación de empresas de alto valor engadido, e innovación tecnolóxica.
- Promover Lugo como corazón da área galaico-astur-leonesa, de cara á instalación de empresas de novas tecnoloxías.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 1.1. Elaboración dunha base de datos de empresas e profesionais. Elaboración de base de datos universal sobre empresas, profesionais e os seus servizos, permitindo coñecer os servizos e posibilidades locais de colaboración e negocio.
- 1.2. Difusión (e realización se é o caso) de estudos que busquen oportunidades de negocios baseados nas

necesidades reais do tecido empresarial lucense.

- 1.3. Difusión das iniciativas existentes de Capital Risco.
- 1.4. Creación dun Banco de Ideas e de Proxectos innovadores. Creación dun concurso de Ideas Innovadoras para identificar valores potenciais da cidade.
- 1.5. Creación do Observatorio de Boas Prácticas Emprendedoras.
- 1.6. Edición dentro o día emprendedor lucense dunha xornada de encontro (premios a proxectos, cea, etc), destinado a poñer en contacto a emprendedores que carecen de capital con posibles socios financeiros para os seus proxectos (investidores).
- 1.7. Pacto Social polo Emprendemento e a Industrialización, para reforzar os valores locais, transmitir confianza e animar a consolidación de iniciativas empresariais.
- 1.8. Constitución do Centro de Empresas e Innovación (CEI) como o referente central no apoio técnico ao emprendedor. Xornadas de encontro co empresariado lucense para dar a coñecer os recursos do CEI.
- 1.9. Difusión dos Servizos de Exportación existentes (consultaría, elaboración de informes e estudos, coordinación da oferta local coa demanda exterior, tramitación e xestión) e coordinación co CEI.
- 1.10. Posta en práctica, a través dos centros de ensino, dun programa formativo en valores cooperativos e cultura empresarial. Creación da unidade didáctica *Lugo Emprendedor*.
- 1.11. Deseño dun Programa Innovador de formación e concienciación baseado nas necesidades formativas do empresariado lucense. Integración dun módulo de innovación tecnolóxica para os diferentes sectores. Integración de módulos de formación e información sobre o uso das enerxías limpas.
- 1.12. Divulgación das axudas existentes para a incorporación das novas tecnoloxías.
- 1.13. Divulgación dos apoios existentes para a promoción de iniciativas de base tecnolóxica (facilidades de ubicación, servizos a baixo custo, etc.).

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 1.14. Apoio a consolidación de Redes de cooperación entre empresas.
- 1.15. Consolidación dunha imaxe de calidade nas empresas lucenses.
- 1.16. Creación do programa de “Escola en diálogo coa Empresa” para a promoción de estancias e formación práctica en empresas.
- 1.17. Ubicación dunha plataforma loxística de carácter intermodal.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 1.18. Posta en marcha dun parque tecnolóxico-industrial que sexa un centro de innovación no que colaboren as Administracións, a Universidade e as Empresas. Complementario ao Centro de Empresas e Innovación.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

PROGRAMA 2 : Fomento do emprego de calidade.

Descrición

Este programa busca unha mellora da calidade profesional e ocupacional no conxunto dos traballadores no termo municipal, así como a súa inserción laboral. Unha das pezas fundamentais para acadar un emprego de calidade sería o fomento da formación altamente cualificada dos recursos humanos do municipio, buscando adecuar a formación ás necesidades da realidade empresarial lucense. A súa vez, habería que deseñar e reforzar aquelas iniciativas que fomenten unha cultura emprendedora.

Obxectivos

- Xerar emprego de calidade.
- Alentar a xeración de emprego con cualificación profesional.
- Promover o autoemprego.
- Garantir a igualdade de xénero.
- Valorar ó colectivo da terceira idade como axente social activo.
- Actualizar as capacidades e competencias do tecido produtivo lucense.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 2.1. Integración nos espazos participativos da A21L dos axentes sociais do Concello para a formación e inserción ocupacional local.
- 2.2. Ideación dun programa formativo baseado na realidade do mercado laboral lucense.
- 2.3. Creación do Foro polo Emprego Local onde participe o tecido empresarial lucense coa finalidade de canalizar e promover a xeración de emprego de calidade no concello.
- 2.4. Integración nos pregos de condicións dos concursos públicos municipais criterios para cumprir diferentes fins e políticas sociais: creación de emprego, estabilidade laboral, etc.
- 2.5. Reforzamento das liñas de axuda para o autoemprego e o emprego estable, con especial incidencia entre a mocidade.
- 2.6. Posta en práctica dunha marca (selo solidario) que identifique aquelas iniciativas empresariais que promovan unha maior estabilidade laboral.
- 2.7. Posta en práctica dos Bancos de Tempo que serva para transmitir un maior coñecemento de ocupacións e saberes.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 2.8. Creación dun Observatorio de Economía Social.
- 2.9. Reparto intelixente do solo empresarial provendo os investimentos éticos e responsables que prime a xeración de emprego de calidade.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 2.10. Reciclaxe do hospital vello para outros usos dotacionais.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

PROGRAMA 3: Programa integral de desenvolvemento do medio rural no concello de Lugo.

Descrición

A finalidade deste programa é a de procurar posibilidades de desenvolvemento da actividade agraria en Lugo. Perséguese a valorización do medio rural lucense e súa sostibilidade nos aspectos socio-laboral, ambiental e económico. A súa vez, Lugo xoga un papel clave para a referencia e acollida de iniciativas de desenvolvemento do medio rural galego.

Trátase de aproveitar novas oportunidades para a produción agroalimentaria, atendendo a segmentos de mercado de alto valor engadido, como a produción ecolóxica, os produtos artesanais de calidade, etc.

Así mesmo, proponse favorecer a consolidación dunha estrutura que permita establecer as canles axeitadas para acceder ao mercado e valorizar a súa produción.

Obxectivos

Asentar poboación no rural. Fixar á xente nova ao medio rural.
Aumentar a estima propia e a valoración da xente do medio rural.
Promover unha agricultura sostible no concello.
Preservar a paisaxe.
Potenciar a agricultura ecolóxica, produtos de calidade e artesáns.
Promover a creación de industrias de calidade.
Consolidar un Lugo próximo ao mundo agrario.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 3.1. Constitución dentro do CEI dun equipo técnico de apoio á promoción integral do medio rural do concello, que artelle e dinamice actividades diversificadoras da actividade agraria local
- 3.2. Elaboración dun base de datos que recolla o conxunto da actividade agraria no concello.
- 3.3. Tratamento da información existente sobre o Mapa da Agricultura do Concello: análise das zonas en función da produtividade da terras, das potencialidades instaladas, situación actual das explotacións, análise das barreiras locais,
- 3.4. Elaboración dunha folla de ruta para a dinamización da actividade agraria local.
- 3.5. Integración nos espazos participativos da A21L dos axentes sociais do Concello para a promoción do medio rural do Concello.
- 3.6. Elaboración dun programa para a dotación do conxunto das infraestruturas e servizos a medio rural.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 3.7. Realización de convenios de colaboración entre o Concello de Lugo, a Consellería Medio Rural, e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Forestal (Universidade de Santiago) para promover a ordenación dos montes veciñais en man común do Concello de Lugo.
- 3.8. Definición de Lugo como un polo de acollemento de empresas asociadas á actividade agraria e forestal.
- 3.9. Posta en práctica dende o CEI da comercialización e divulgación da actividade agraria local:
 - Plan de usos de edificacións de explotacións sen actividade. Aproveitamento das infraestruturas.
 - Realización de xornadas técnicas, espazos de encontro e intercambio de experiencias e coñecementos baseadas na actividade agraria sostible dentro dun desenvolvemento rural integrado. Consolidación dunha marca de calidade que permita recoñecer e apreciar a produción agropecuaria local.
 - Promoción do asociacionismo que incida na transformación e comercialización da produción. Rede de produtores locais de diferentes sectores para canalizar a capacidade produtiva local a través de fórmulas de colaboración estables.
 - Potenciación de iniciativas (industrias,...) que supoñan a transformación da produción local. Valorización da produción propia fronte a macroproducións.
 - Converter Lugo nun mercado de referencia dos produtos agroalimentarios na provincia.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 3.10. Configuración dun novo mercado de abastos que facilite e garanta a comercialización dos produtos producidos no concello (ou doutras explotacións de fóra do concello mediante acordos ou convenios de colaboración). Realización dun rexistro de produtores. Regulación.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO

PROGRAMA 4: Fomento do turismo sostible.

Descrición

Persegue crear un produto turístico: Lugo, que poda posicionarse no mercado e introducirse nas grandes rutas turísticas. Hai que xerar un cambio na forma de promocionar Lugo (visitas guiadas, feiras, exposicións...). Para isto, proponse aproveitar os elementos característicos da cidade como atractivo: a muralla, o Camiño de Santiago, o Miño (Reserva da Biosfera, etc. Este programa pretende, en definitiva, crear un modelo turístico propio facendo dos seus elementos máis característicos (Río, ...) un referente turístico e social.

Obxectivos

Poñer en valor o patrimonio histórico, natural e cultural como activo para o desenvolvemento económico sostible.

Facer unha planificación das potencialidades das parroquias para a actividade turística en todos os seus ámbitos.

Promover a actividade e diversidade económica de Lugo.

Coidar o centro histórico, os espazos públicos, zonas verdes, e a relación dos lucenses co seu patrimonio.

Promover o coñecemento e restauración do patrimonio histórico, arqueolóxico e paisaxístico.

Motivar e convidar á cidadanía para a súa colaboración e compromiso cos recursos patrimoniais.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 4.1. Realización dun Plan de Recursos Endóxenos do Concello, identificando os recursos existentes e aportando vocacións de usos preferenciais.
- 4.2. Fomento de festas temáticas que atraian á xente, por exemplo o *Arde Lucus*.
- 4.3. Realización de xornadas anuais de encontro e difusión para a promoción do potencial turístico do territorio, baseadas no Lugo romano e arqueolóxico.
- 4.4. Programa de innovación e promoción agro-gastronómica baseado no emprego de produtos locais, no que se involucren restaurantes, casas de turismo rural, bares, etc. Creación dun postre representativo de Lugo, a través dun concurso entre restaurantes e pasteleiros.
- 4.5. Potenciación do turismo arqueolóxico na cidade, promovendo a conservación dos restos "in situ".
- 4.6. Configuración de Lugo como un interface turístico da provincia. Punto de información interligado aos diferentes referentes turísticos da provincia (Ribeira Sacra, A Mariña, Os Ancares).

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 4.7. Acordos de colaboración con Montes Veciñais e/ou Asociacións de Veciños para a recuperación (identificacións, catalogación, ...) de camiños/sendeiros e a consolidación da *Rede de Sendas Verdes* no concello, atendendo particularmente a aquelas que faciliten o acceso á lugares de interese natural, patrimonial, etc.
- 4.8. Elaboración dun Plan de Musealización e Xestións dos bens arqueolóxicos da cidade e o seu entorno.
- 4.9. Definición dun equipamento diferenciador e articulador da visita turística da cidade (Museo da Romanización) que sexa un elemento turístico atractivo.
- 4.10. Realización no Miño de probas deportivas de nivel, cursos de deportes relacionados coa auga, paseos en embarcacións...
- 4.11. Creación dunha bienal de actividades artísticas empregando o patrimonio do concello.
- 4.12. Consolidación de paquetes de actividades/experiencias que complementen a oferta de recursos turísticos do territorio (Lugo e contorno).
- 4.13. Creación de campamentos de restauración de zonas descoidadas ou abandonadas para o posterior aproveitamento.
- 4.14. Consolidación da imaxe turística identificativa de Lugo.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 4.15. Tren turístico que conecte, especialmente, o Casco Histórico-Reserva da Biosfera (Río).
- 4.16. Consolidación do Observatorio do Turismo Sostible de Lugo.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: ORDENACIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO

PROGRAMA 5: Programa de mellora da calidade e da estética urbana.

Descrición

Persegue revitalizar aqueles barrios que carecen ou non teñen habilitadas áreas de encontro e lecer a través da dotación de espazos públicos de calidade. Trátase de humanizar a cidade a través da planificación do espazo en función das persoas

Lugo ten determinadas zonas que no seu desenvolvemento urbanístico non se dotaron dunha boa calidade tanto na construción, como estética ou ambientalmente. Isto debe mudar para que se constituía nun dos aspectos definitorios e de referencia de Lugo.

Trátase de que a administración municipal sexa o modelo a seguir de actuación. O Concello debe contemplar naqueles instrumentos de planificación do territorio un modelo de ordenamento exemplar baixo os parámetros e criterios de sostibilidade (esponxamento, baixo consumo de enerxía, dotacións e equipamentos....) e calidade arquitectónica espacial.

Obxectivos

- Potenciar unha cidade compacta, harmoniosa e accesible.
- Revitalizar barrios e núcleos rurais
- Fomentar que Lugo sexa unha cidade limpa.
- Acrecentar as zonas verdes da cidade.
- Corrixir, progresivamente, as aberracións urbanísticas.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 5.1. Plan de soterramento e de mellora estética dos colectores de lixo nas novas unidades de actuación urbanísticas.
- 5.2. Establecemento de criterios comúns no tratamento do espazo público (pavimentación, mobiliario urbano, arborado) que implique a homoxeneización de elementos e a sostibilidade dos mesmos. Elaboración dunha regulación.
- 5.3. Realización de campañas informativas sobre construción bioclimática.
- 5.4. Promoción da rehabilitación respectuosa das edificacións favorecendo o uso de enerxías renovables. Nas vivendas de nova construción divulgar o emprego de instalacións de enerxía renovable.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 5.5. Dotación dunha porcentaxe relevante de aparcamentos baixo terra ou en edificación habilitadas en relación aos de superficie.
- 5.6. Ideación da nova ponte sobre o río como un elemento emblemático da cidade.
- 5.7. Deseño de espazos no conxunto de parques e xardíns para o xogo e o disfrute dos cativos.
- 5.8. Acondicionamento dos espazos públicos ou áreas recreativas nas zonas rurais.
- 5.9. Aumento da vexetación nas vías de comunicación da cidade, e colocación de barreiras acústicas nos viais máis transitados (Parque do Miño, etc).

- 5.10. Dotación dunha maior riqueza biolóxica non conxunto dos parques de Lugo.
- 5.11. Reconfiguración das rúas da cidade para facelas con paseos máis amplos, gañando espazo para as persoas.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: ORDENACIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO

PROGRAMA 6: Posta en valor dos elementos patrimoniais do conxunto do concello.

Descrición

Este programa persegue afondar na simbiose entre patrimonio e identidade local. Os elementos patrimoniais dun territorio establécense como os alicerces da cultura dunha sociedade e reforzan o sentido colectivo como pobo. Lugo dispón dun importante patrimonio arqueolóxico e histórico-natural que precisa dunha atención integral.

Obxectivos

- Reforzar e valorización da cultura e identidade local.
- Valorizar e protexer o patrimonio natural e cultural.
- Conservar o conxunto de elementos de carácter histórico da cidade.
- Aproveitar os recursos patrimoniais como reclamos turísticos.
- Potenciar o Lugo romano (museo, festas, turismo).

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 6.1. Catalogación e difusión do bens patrimoniais de todo o municipio.
- 6.2. Configuración dunha base de datos do patrimonio municipal (arqueolóxico,...).
- 6.3. Creación do Consorcio de Patrimonio como organismo responsable da xestión sobre o patrimonio no concello. Participación da Igrexa, Xunta de Galicia, Concello de Lugo, expertos en interpretación do patrimonio e o empresariado local.
- 6.4. Constitución en Lugo do Centro de interpretación do mundo romano en Galicia.
- 6.5. Realización de convenios de colaboración con Institucións que teñan como obxectivo a investigación (Universidades, etc) do patrimonio (catalogación, rehabilitación, etc).
- 6.6. Divulgación do *Proxectoterra* nos centros de ensino. Programa do Colexio de Arquitectos de Galicia que axuda a interpretar e valorar o patrimonio construído.
- 6.7. Difusión das obras de artistas noveles nas zonas emblemáticas da cidade.
- 6.8. Edición de publicacións e realización de actividades baseadas no patrimonio cultural de Lugo. Difusión da unidade didáctica sobre patrimonio.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 6.9. Programa de divulgación e concienciación destinados ao ámbito rural para realizar iniciativas encamiñadas a poñer en valor o patrimonio artístico-cultural de cada parroquia.
- 6.10. Creación da Casa do Río como elemento valorizador e dinamizador das potencialidades do río. Creación dun museo-centro de interpretación do río Miño (dende o punto de vista natural e cultural: relación de Lugo co río, embarcacións, artes de pesca, caneiros, flora, fauna, etc...).
- 6.11. Constitución do Club de Amigos do Río Miño, que serva para envolver á sociedade civil na súa vixilancia e na definición de estratexias de valorización.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: ORDENACIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO

PROGRAMA 7: Configuración dunha mobilidade sostible para o ámbito urbano e rural.

Descrición

É necesario actuar para corrixir e sensibilizar sobre o problema das barreiras arquitectónicas, urbanísticas, de transporte e comunicación. É preciso mellorar e garantir a accesibilidade a todos os colectivos da poboación, en particular a maiores, nenos e persoas con minusvalías. Apóstase, igualmente, por un maior uso dun transporte público, e por acrecentar e mellorar o número de rúas peonís mediante a adecuación das vías e as beirarrúas que constitúan un modelo de mobilidade acorde coa estratexia de facer unha cidade máis accesible.

Por outro lado, a construción das redes viarias do concello deberá facerse de modo eficiente e sostible, de modo que se adecúen os medios á demanda real e se empreguen materiais que minimicen o custo de mantemento e o impacto ambiental. A planificación e xestión das infraestruturas de comunicación non deben estar ao servizo exclusivo do automóbil.

Obxectivos

Ampliar o espazo público para a utilización social e acadar unha mobilidade máis respectuosa co entorno.

Converter as súas rúas nun entorno agradable.

Conseguir unha maior comunicación do conxunto das parroquias rurais do concello.

Manter a poboación nas zonas rurais e facer máis accesible o conxunto dos servizos.

Promover o uso do transporte colectivo.

Mellorar a rede de infraestruturas viarias.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 7.1. Posta en práctica do plan de transportes intermunicipais da Xunta de Galicia.
- 7.2. Promoción do transporte intraurbano poñendo en práctica mecanismos que faciliten a mobilidade no conxunto do municipio, especialmente co rural (por exemplo, microbuses) en colaboración con determinados estamentos (Praza de Abastos, Servizos sociais...)
- 7.3. Elaboración dun Plan de tráfico. Estudo dos desprazamentos do tráfico rodado en Lugo e remodelación daqueles viais para a mellora das comunicacións.
- 7.4. Campaña de fomento da utilización da bicicleta nos desprazamentos habituais.
- 7.5. Concienciación entre a policía para que vixíen e sancionen as condutas de automobilistas que dificulten os desprazamentos en bicicleta.
- 7.6. Ordenación das liñas de transporte urbano para primar ou dotar de especial atención á zona universitaria.
- 7.7. Creación de aparcadoiros e préstamos de bicis públicas en puntos estratéxicos da cidade.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 7.8. Creación dun carril-bici que vertebre toda a cidade.
- 7.9. Creación de corredores cívicos, corredores ecolóxicos que superen o concepto de “illas verdes” desconectadas. Creación de “túneles en superficie” (estrutura de edificación) ao longo da estrada N-VI que conecte a cidade co Miño. Estudo da extensión a outras zonas (estación de ferrocarril,...).

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 7.10. Adecuación das rondas externas para evitar o recorrido de tráfico de tránsito na cidade.

- 7.11. Construción de aparcamentos perimetrais que absorban o tráfico rodado do centro da cidade.
- 7.12. Establecemento de transporte público a través de vías preferentes e exclusivas, especialmente nas vías de comunicación principais.
- 7.13. Aumento das zonas peonís fora do recinto histórico da cidade.
- 7.14. Creación da estación intermodal.
- 7.15. Creación dun metro (Norte-Sur) lixeiro en Lugo.
- 7.16. Peonalización do Casco Histórico. Entrada-saída baixo superficie aos aparcamentos existentes e conexión, tamén baixo terra, entre os mesmos.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: ORDENACIÓN SOSTIBLE DO TERRITORIO

PROGRAMA 8: Revitalización do Casco Histórico da cidade.

Descrición

Os centros históricos constitúense como elementos emblemáticos e identificadores dunha cidade. A súa posta en valor convértese nunha oportunidade para o conxunto do territorio. Preservar a arquitectura, valorizar o seu patrimonio, ... é unha das mellores apostas para converter a Lugo nun referente e modelo de calidade urbana. Crear un espazo atractivo que reforce a identidade urbana de Lugo convértese no modelo de ordenación urbana sostible.

Este programa ten un carácter transversal. A incidencia vai máis aló da cuestión habitacional e pretende incorporar un sentido integral abarcando diferentes aspectos económicos.

Obxectivos

- Constituír o Centro Histórico como un sinal de identidade de Lugo.
- Configurar o Casco Vello coma un modelo de mobilidade peonil.
- Asentar á poboación do centro histórico.
- Facer do centro da cidade un lugar de asentamento poboacional.
- Diversificar e promover a actividade económica

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 8.1. Configuración da Oficina de Rehabilitación como oficina de Dinamización do Casco Vello, relacionada co Consorcio de Patrimonio.
- 8.2. Posta en marcha de proxectos de emprendedores no Casco Vello.
- 8.3. Recuperación e rehabilitación de edificios públicos emblemáticos.
- 8.4. Promoción de uso dos aparcamentos baixo superficie existentes en detrimento dos aparcamentos en altura no Casco Histórico.
- 8.5. Eliminación de aparcamentos en superficie en zonas de interese cultural (por exemplo, Ollos Grandes).
- 8.6. Regulación dos usos dos baixos do Casco Vello, evitando usos monofuncionais.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 8.7. Soterramento do cableado no recinto histórico.
- 8.8. Campaña de sensibilización que incida nunha mellora de imaxe dos patios dos edificios.
- 8.9. Plan de mellora das cubertas dos edificios que promova a mellora estética.
- 8.10. Promoción do alugueiro de vivenda para estudantes no Centro Histórico de Lugo. Incremento de axudas a propietarios que rehabiliten a súa vivenda e a destinen a alugueiro para a mocidade.
- 8.11. Instalación dun comercio especializado no Casco Vello. Apoio á distribución e comercialización a través

- de tendas especializadas da produción agropecuaria local.
- 8.12. Establecemento de incentivos fiscais (exención de pago de taxas municipais durante tres anos,...) para a instalación de actividades e organizacións sociais no Casco Vello.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 8.13. Rehabilitación integral do conxunto de construcións históricas/emblemáticas do Casco Vello.
- 8.14. Utilización de aparcamentos baixo terra para os residentes no casco vello fora da muralla.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 9: Xestión integral, sostible e racional dos residuos.

Descrición:

Planificación integrada de medidas para o cumprimento do principio dos 3R (Reducir, Reutilizar, e Reciclar) no municipio de Lugo; fomentando en todo momento a minimización da produción de residuos, así como a busca de alternativas respectuosas para o medio aos residuos de difícil xestión. O programa pretende conseguir o tratamento sostible de todos os residuos producidos no Concello de Lugo, atendendo á súa diferente natureza, así como aos produtores dos mesmos, coa finalidade de concienciar e fomentar a corresponsabilización na súa xestión.

Obxectivos:

Mellorar os recursos naturais e a xestión dos residuos.
Buscar alternativas viables para a xestión respectuosa de residuos de orixe específica.
Reducir a produción de residuos de todo tipo e orixe (sólidos urbanos, industriais, e agrícolas ou agrogandeiros).
Fornecer aos cidadáns das ferramentas e espazos necesarios para a correcta xestión dos residuos producidos, favorecendo a aqueles que menos produzan, e que mais respectuosos sexan co entorno.
Informar aos cidadáns dos servizos existentes para a recollida dos diferentes residuos producidos, así como do tratamento, e destino final dos mesmos.
Optimizar a reciclaxe dos residuos priorizando a autoxestión a través da autocompostaxe.
Eliminar vertedoiros ilegais no entorno natural do concello.

Accións:

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 9.1. Control e recollida dos residuos agrogandeiros (plásticos dos silos, fitosanitarios, medicinas para os animais, aceites dos tractores, etc..) Campaña de sensibilización sobre a súa xestión.
- 9.2. Modificación da Ordenanza Municipal de Protección Ambiental actualizándoa á normativa vixente en materia de residuos, e integrando a regulación da xeración de Residuos da Construción e a Demolición nas obras públicas perseguindo o obxectivo de verquido cero. Incluír estes criterios nos Pregos de Condicións das obras, así como a utilización de áridos reciclados.
- 9.3. Establecemento de protocolos para a redución de residuos xerados en actos festivos e públicos do municipio. Elaboración dun programa de minimización de residuos para as dependencias municipais.
- 9.4. Establecemento de criterios de compra verde nas dependencias municipais. Uso de produtos reciclados e reciclables, reutilizables e con menores envases e menor impacto ambiental.
- 9.5. Reutilización e reciclaxe de produtos e obxectos obsoletos nas instalacións públicas cedendo o seu uso aos colectivos sociais que o soliciten. (mobiliario, material informático, etc.)

- 9.6. Apoio para a creación de colectivos ou pequenas empresas recuperadoras, dedicadas á recollida, reparación, restauración e venda dos residuos. Creación de convenios de colaboración con estas entidades para a recuperación de materiais depositados no Punto Limpo.
- 9.7. Campaña de recollida e reciclaxe de aceites usados domésticos, a través de contedores especializados e puntos de recollida en lugares estratéxicos da cidade. Recollida extensiva aos servizos de comedor dos centros escolares. Campaña para o fomento da recollida de aceites usados.
- 9.8. Campaña de información e concienciación para a mellora na detección de vertedoiros incontrolados nas parroquias de Lugo. (Utilización do 010, activación dos Alcaldes/Alcaldesas pedáneas, etc.)
- 9.9. Campaña Informativa sobre o Punto Limpo do Concello de Lugo.
- 9.10. Campaña para sensibilización e o fomento da recollida selectiva e a reciclaxe no comercio e a hostalería.
- 9.11. Campaña para a redución dos residuos de orixe industrial e doméstica. Busca de fórmulas para premiar aos cidadáns e empresas que menos residuos produzan (Nos de orixe industrial, utilización do rexistro de entrega de residuos aos xestores autorizados)
- 9.12. Campaña pola reciclaxe activa dos cidadáns a través de identificación das bolsas do lixo e premios asociados ás boas prácticas de selección e reciclaxe.
- 9.13. Construción dunha Planta de Residuos Sólidos Urbanos para a compostaxe de acordo co novo Plan de Residuos Sólidos de Galicia.
- 9.14. Campaña de distribución de compostoiros e elaboración dun plan de formación e seguimento para promover a autocompostaxe en todas as parroquias lucenses.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 9.15. Creación dun segundo Punto Limpo, fomentando acordos cos concellos limítrofes para compartir este espazo, coa finalidade de fomentar unha boa xestión dos residuos e a desaparición dos vertedoiros ilegais en zonas de interese natural e turístico como a Reserva da Biosfera.
- 9.16. Creación dun Punto Limpo Industrial integrado no Polígono Industrial.
- 9.17. Mellora na recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, centralmente nas parroquias máis rurais do municipio. (Aumento no número de contedores e frecuencia da recollida)
- 9.18. Investigación das melloras técnicas dispoñibles na xestión dos xurros no ámbito do CETAL. (Creación dunha planta de tratamento)
- 9.19. Estudio da redución e tratamento dos residuos xerados na depuradora de augas. Plan de reutilización de lodos de depuradora e dos residuos agrícolas (abonado directo das terras de cultivo, compostaxe, etc.)
- 9.20. Campaña de información e concienciación dirixida aos produtores de residuos tóxicos e perigosos, fomentando boas prácticas na redución e xestión dos mesmos (residuos de tinturerías, residuos de talleres mecánicos, residuos producidos por actividades de fotografía, residuos producidos por actividades de artes gráficas, residuos de empresas de pinturas, etc.)
- 9.21. Creación dun sistema de seguimento avaliación e control dos xestores municipais de residuos.
- 9.22. Creación dunha Planta de Reciclaxe de Residuos da Construción e Demolición.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 9.23. Modificación das dimensións e deseño das cociñas, e outros espazos nas promocións de Vivendas de Protección Oficial, facilitando aos futuros habitantes a súa participación activa na separación en orixe dos residuos domésticos.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 10: Sensibilización e Educación Ambiental cara á Sostibilidade

Descrición:

Creación dun conxunto de programas continuados de Educación e Sensibilización Ambiental, orientados a capacitar aos diferentes sectores sociais e á cidadanía en xeral para iniciar o camiño cara á sustentabilidade do concello de Lugo. Estes programas deberán incidir nas diferentes facetas da vida cotiá

das persoas e dos diferentes sectores sociais, dende os cales poderán realizar eses cambios para a conservación e mellora do medio ambiente.

Obxectivos:

Promover a toma de conciencia crítica e sensible respecto do medio ambiente.

Coñecer os problemas ambientais actuais tanto a nivel local como global.

Promover e desenvolver actitudes, valores e comportamentos ambientalmente sostibles.

Fomentar e posibilitar a utilización de criterios ambientais sostibles na administración local.

Sensibilizar e proporcionar ferramentas adecuadas para unha boa xestión ambiental no ámbito do tecido empresarial.

Facilitar e promocionar a introdución de criterios ambientais e de xustiza social no ámbito educativo.

Accións:

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 10.1. Creación dun equipamento de educación ambiental centrado no ámbito da enerxía.
- 10.2. Campañas de concienciación sobre a xestión dos Residuos Sólidos Urbanos: fomento da redución na xeración de lixo, fomento da reutilización, fomento da correcta separación do lixo en orixe, da súa posterior reciclaxe así como fomento da utilización do Punto Limpo.
- 10.3. Campañas para o fomento do consumo responsable e o comercio xusto na cidade.
- 10.4. Creación de programas de interacción entre os mais novos e os mais maiores, por exemplo creación de hortas urbanas autoxestionadas entre nenos e persoas maiores. Busca de espazos sen uso dentro da cidade, por exemplo dentro dos parques urbanos.
- 10.5. Campañas sobre o aforro enerxético e o uso das enerxías renovables en domicilios particulares.
- 10.6. Campañas de concienciación sobre o aforro e coidado da auga.
- 10.7. Campañas dirixidas a sectores clave: Campaña de sensibilización orientada aos vendedores e clientes dos mercadillos, promovendo a limpeza das zonas de mercado os días nos que se realizan, e evitando que se acumule lixo ao seu remate.
- 10.8. Campañas dirixidas a sectores clave: Campaña de concienciación da hostalería para un uso adecuado dos contedores de recollida de residuos.
- 10.9. Campañas dirixidas a sectores clave: Campañas orientadas aos comerciantes incidindo na redución e reciclaxe dos residuos, no aforro de auga, e no aforro de enerxía, etc.
- 10.10. Campañas dirixidas á administración local: Campañas de resultados facilmente comprobables implicando ao persoal da administración. Por exemplo a reciclaxe no lugar de traballo. Estes datos servirían de exemplo á cidadanía.
- 10.11. Campañas dirixidas aos centros de ensino: Campaña para escolares sobre a limpeza da cidade.
- 10.12. Campañas dirixidas a sectores clave: Programa de Formación sobre boas prácticas agrogandeiras. Difusión a través de xornadas do “Código Galego de Boas Prácticas Agrarias” (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural).
- 10.13. Campañas dirixidas aos centros de ensino: Fomento e apoio técnico para a posta en marcha nos centros de ensino da Axenda 21 Escolar.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 10.14. Creación dun equipamento de educación ambiental centrado no ámbito do medio ambiente urbano.
- 10.15. Campaña de Autocompostaxe Doméstica como xeito de corresponsabilización na xestión dos residuos.
- 10.16. Creación dunha mascota representativa de Lugo, que poida usarse como medio de concienciación cívica, e identifique ás campañas ambientais no municipio.
- 10.17. Campañas dirixidas a sectores clave: Campañas orientadas ao mundo empresarial coa finalidade de fomentar a súa certificación ambiental, e a introdución de criterios ambientais na súa xestión. Creación dun distintivo ambiental municipal.
- 10.18. Campañas dirixidas á administración local: Establecer criterios de “compra verde” dentro das dotacións municipais do concello.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

10.19. Creación dun equipamento de educación ambiental centrado no ámbito do ciclo da auga.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 11 : Xestión integral dos recursos hídricos

Descrición

Xestión sostible dos recursos hídricos, mellorando o abastecemento, promovendo a diminución progresiva dos verquidos, e aumentando a calidade da auga de consumo de Lugo; así como o uso e consumo racional por parte da cidadanía. O programa pretende concienciar aos diferentes sectores sociais, así como á cidadanía en xeral sobre o uso racional da auga, e sobre o coidado dos recursos hídricos de Lugo.

Obxectivos

- Incrementar a calidade das augas para o consumo.
- Incrementar a eficiencia e o aforro na distribución.
- Eliminar os verquidos de augas residuais non tratadas.
- Mellora do sistema de abastecemento e optimización da xestión.
- Coidado e corresponsabilización dos recursos hídricos de Lugo.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 11.1. Estudo e posta en valor das fontes e mananciais do concello. Elaboración dun inventario e control da súa calidade e posibles contaminacións. Recollida de información cultural sobre cada fonte, elaborando unha guía da auga do concello de Lugo.
- 11.2. Plantación de céspede/flora autóctona con baixo consumo en auga, en lugar plantación de especies foráneas nos xardíns e zonas verdes do municipio.
- 11.3. Implementación de sistemas de rego eficiente nos xardíns e zonas verdes municipais. Utilización de rego por goteo, recollida e almacenamento de auga da chuvia para o rego, etc.
- 11.4. Intercambio de información entre o Concello de Lugo e os axentes implicados no control das instalacións situadas ás beiras de ríos e regatos (piscifactorías, muíños, captacións de augas, etc..), coa finalidade de mellorar esta tarefa.
- 11.5. Campaña para dar a coñecer e fomentar a utilización de dispositivos aforradores de auga nos comercios e nos fogares dos lucenses.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 11.6. Elaboración dun Plan de Xestión de Recursos Hídricos de Lugo, integrando o saneamento integral do Río Miño coa recuperación dos seus usos tradicionais, así como a actualización consensuada e promoción das actuacións contempladas no Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM).
- 11.7. Creación dunha comisión intermunicipal dentro da Confederación Hidrográfica do Norte (CHN), para o control da contaminación e conservación do Río Miño e dos seus afluentes.
- 11.8. Implantación da separación das augas pluviais e aproveitamento das mesmas. Aproveitamento das augas pluviais recollidas nos tanques de tormenta.
- 11.9. Mellora das canalizacións evitando fugas na rede de distribución.
- 11.10. Implantación da tarificación por tramos como sistema de cobro do consumo de auga, primando o aforro e gravando o despilfarro deste recurso.
- 11.11. Reutilización da auga tratada na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) para limpeza e rego de xardíns.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

- 11.12. Implantación de tecnoloxías alternativas para a depuración de augas nas parroquias rurais, fomentando os sistemas descentralizados (filtros verdes) e mais achegados ó lugar onde se producen os residuos.
- 11.13. Implantación dun control de sabores e cheiros na auga de abastecemento. Elaboración de mapa de percepción de sabores do municipio.

EIXO DE SOSTIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 12: Promoción da autosuficiencia enerxética, eficiencia, aforro enerxético e emprego das enerxías renovables.

Descrición

A redución das emisións contaminantes á atmosfera evitando así o cambio climático, é un dos principais retos das sociedades actuais en materia de medio ambiente. A través deste programa promóvese a utilización de enerxías limpas non contaminantes, así como o aforro enerxético, tanto a nivel particular como no ámbito empresarial e da administración pública; iniciando procesos de cambio na mobilidade urbana e na produción enerxética cara á sustentabilidade.

Obxectivos

Promover a posta en marcha de Plans de Aforro Enerxético adaptados aos diferentes sectores e á administración local.

Promover e favorecer o aforro enerxético doméstico, motivando e facilitando os coñecementos e ferramentas necesarias para tal fin.

Promover o uso de enerxías limpas e renovables, diminuíndo as emisións de CO₂ e como compromiso por un Lugo mais sostible.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 12.1. Creación da Axencia Municipal da Enerxía, que promova, dinamice, e coordine as accións en materia de aforro enerxético e promoción de enerxías renovables.
- 12.2. Plan de Aforro Enerxético Municipal. Auditoría enerxética para a avaliación do consumo nas dependencias municipais, así como optimización e redución do consumo mediante a implantación de medidas de eficiencia e aforro enerxético. (Uso da enerxía solar nas piscinas municipais, no centro de acollida de animais, así como outros edificios de interese pola súa orientación).
- 12.3. Campaña de promoción e difusión do emprego de enerxías renovables no ámbito do sector empresarial. Colaboración na elaboración de Plans de Aforro Enerxético dirixidos ao tecido empresarial lucense.
- 12.4. Campaña polo fomento do emprego das enerxías renovables nos núcleos rurais.(minieólica, solar térmica e fotovoltaica)
- 12.5. Campaña de información concienciación sobre o aforro enerxético en domicilios particulares.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 12.6. Plan de Autosuficiencia Enerxética e Aforro dos Polígonos Industriais. Coñecer os consumos de cada unha das empresas do polígono industrial, así como as posibles fontes de produción enerxética na zona: enerxía solar, eólica, coxeneración, etc.
- 12.7. Potenciar novos parques de enerxías renovables nas zonas do rural lucense con baixo interese natural e paisaxístico, como alternativa laboral. (Proxecto de hortas solares)
- 12.8. Potenciar, a través da Axencia Municipal da Enerxía, o uso de enerxía solar nas edificacións que posúan potencialidade e xa estean construídas.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTENIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 13: Mellora da calidade ambiental do Concello de Lugo. Redución da contaminación atmosférica e acústica.

Descrición

Promover un ambiente san, e mellorar así a calidade ambiental no municipio, é posible a través das medidas de control e loita contra a contaminación. Este programa pretende minimizar a

contaminación atmosférica e acústica, a través de iniciativas de concienciación e control, así como a promoción da mobilidade alternativa no municipio.

Obxectivos

Mellorar a calidade ambiental de Lugo.

Coñecer os niveis de contaminación existentes no municipio de Lugo.

Creación de estratexias para a loita contra as diferentes fontes de contaminación existentes.

Diminuír os niveis de contaminación acústica e atmosférica do concello de Lugo.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 13.1. Campaña de promoción da mobilidade urbana que minimize o impacto acústico e atmosférico.
- 13.2. Creación da Estación Municipal de Medición da Contaminación Atmosférica de Lugo.
Coordinación coas estacións de medición da Xunta de Galicia.
- 13.3. Fomento da utilización biocombustibles no servizo de autobuses urbanos. Utilización de biocombustibles no parque móbil municipal.
- 13.4. Fomento do uso do tren.
- 13.5. Creación de puntos de préstamo e aparcadoiros de bicicletas para fomentar a mobilidade sostible na zona urbana.
- 13.6. Campaña de sensibilización para o fomento do respecto das persoas que utilicen a bicicleta como medio de transporte por parte dos condutores de vehículos con motor.
- 13.7. Ratificación municipal do Protocolo de Kioto, como compromiso de loita contra o cambio climático.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 13.8. Creación dunha Estratexia Municipal para a Prevención da Contaminación Acústica. Elaboración de criterios de minimización da contaminación acústica orientado ás dotacións municipais.
- 13.9. Elaboración dun mapa de rúidos. Busca de puntos negros e elaboración de mapas sectoriais.
- 13.10. Valoración das actuacións que amortigüen o ruído nas infraestruturas viarias. Mellorar o pavimento das rúas da cidade para minimizar a contaminación acústica.
- 13.11. Identificación e busca de fórmulas para o traslado de actividades económicas molestas (talleres,...) situados no entorno urbano cara ós polígonos industriais.
- 13.12. Posta en marcha dun procedemento técnico-administrativo que permita mellorar a vixilancia e cumprimento dos niveis sonoros das motocicletas en circulación.
- 13.13. Incentivar aos taxis para que utilicen combustibles con menor impacto para o entorno.
- 13.14. Fomento dos autobuses ecolóxicos no servizo urbano así como no parque móbil.(utilización de gas ou novas tecnoloxías).
- 13.15. Inclusión de criterios de mobilidade sostible e calidade de aire no planeamento urbanístico municipal.
- 13.16. Fomento do carril-bici. Creación dunha rede de carris-bici pola cidade como alternativa real á mobilidade urbana.
- 13.17. Fomento de estudos epidemiolóxicos a través dos Centros de Saúde, e en colaboración con Universidades Españolas e Europeas, coa finalidade de avanzar no ámbito da investigación dos efectos da contaminación.
- 13.18. Introducción de criterios de protección da calidade do solo á Ordenanza Municipal de Protección Ambiental, así como ao planeamento urbanístico.
- 13.19. Realización dun Inventario de Solos Potencialmente Contaminados.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: MEDIO AMBIENTE

PROGRAMA 14 : Mellora na conservación do patrimonio natural e dos espazos verdes de Lugo.

Descrición:

A gran biodiversidade do concello de Lugo, así como a existencia de diversas figuras de protección, é un valor a conservar. A través deste programa preténdese dotar ao municipio de ferramentas para favorecer a conservación e posta en valor do entorno natural, así como a mellora e creación de espazos verdes de lecer para a totalidade da poboación, tanto no ámbito urbano como no rural.

Obxectivos:

Deter a perda de diversidade biolóxica.

Mellorar a paisaxe co concello.

Preservar áreas de especial interese natural no Concello.

Dar a coñecer os espazos de maior interese natural do concello, así como as áreas protexidas.

Fomentar o respecto e coidado do entorno natural.

Creación de zonas verdes no ámbito urbano e rural.

Accións:

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 14.1. Campaña para o coñecemento e potenciación da Reserva da Biosfera “Terras do Miño”
- 14.2. Creación de novas zonas verdes no Concello de Lugo: Creación dunha gran zona verde no Carme, creación de zonas verdes para o goce cidadá nos núcleos rurais, etc...
- 14.3. Proxecto “Camiñar por Lugo” que serve para aumentar e poñer en valor os viais peonís. Creación de corredores cívicos (río Miño,...). Creación dunha rede de sendeiros e posta en valor do medio natural. Elaboración dunha Guía dos espazos naturais, onde se identifiquen as rutas existentes.
- 14.4. Instalación de cabinas sanitarias autolimpiables, adaptadas para ser usadas como pequenos vestiarios para a práctica de deporte nas zonas verdes (Parque do Miño, Parque do Rato, zona Sagrado Corazón-Paradai e zona da Ponte Romana).
- 14.5. Campaña para o fomento de usos alternativos nas zonas verdes: comidas campestres, actividades de relaxación, exercicio ó aire libre, Tai-Chi, etc.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 14.6. Catalogación e estudo dos microespazos naturais do concello. Proposta de inclusión na rede espazos naturais protexidos en réxime de protección local.
- 14.7. Fomento do Turismo Verde de Calidade vinculado aos espazos protexidos do Concello e o seu entorno, así como á riqueza paisaxística da zona.
- 14.8. Posta en valor do Camiño Primitivo de Santiago, a través da realización de roteiros interpretativos, creación dun centro de visitantes, mellora da sinalización, etc.
- 14.9. Recuperación dos antigos Camiños Reais das parroquias rurais, coa finalidade de integralas na Rede de Sendeiros e fomentar o turismo en colaboración coas Casas de Turismo Rural do entorno.
- 14.10. Promoción da ordenación dos montes veciñais en man común do Concello de Lugo a través de convenios de colaboración coa Consellería de Medio Rural e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER). Diversificación dos usos do monte como oportunidade produtiva e de prevención de incendios, aproveitamento do monte como espazo de lecer, busca de novos produtos do monte: cogomelos, castañas, etc.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: SERVIZOS SOCIAIS E SANITARIOS.

PROGRAMA 15: Mellora da xestión dos recursos públicos que se orientan ao campo da marxinalidade

social.

Descrición

Garantir unha atención focalizada aos colectivos que no municipio presentan maiores niveis de vulnerabilidade social, que reforce nomeadamente a súa integración social, e a súa inclusión en estratexias de desenvolvemento e vertebración; contribuíndo, centralmente, á superación daquelas dinámicas de illamento e polarización que os teñen situado, historicamente, nas marxes dos ciclos de desenvolvemento.

Obxectivos

Mellorar as actuacións dirixidas ao colectivo de inmigrantes.

Mellorar as actuacións dirixidas ao sector da prostitución.

Mellorar as actuacións dirixidas ao colectivo dos xitanos.

Mellorar as actuacións dirixidas ao colectivo dos “sen teito” e transeúntes.

Mellorar as actuacións dirixidas ao colectivo das persoas con discapacidade e con problemas de mobilidade.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 15.1. Creación dunha páxina web sobre a rede asociativa para fomentar o contacto entre as asociacións (sociais, sanitarias, etc.).
- 15.2. Elaboración dun Mapa de necesidades sociais do concello que servise para que se ordene a promoción do voluntariado.
- 15.3. Elaboración do programa ROGA (rede de organizacións de autoaxuda.) Posta en práctica de implicación sociocomunitaria e dinámicas cooperativas.
- 15.4. Creación e fomento de Cooperativas e Patronatos que faciliten o emprego entre as persoas con discapacidades ou marxinación social.
- 15.5. Campaña para a erradicación do chabolismo no poboado xitano do Carqueixo. Subvencións de alugueiros. Creación de dun servizo de asesoramento para as familias xitanas que se trasladen ás vivendas de protección oficial localizadas na cidade: como pagar un recibo, relacións coa veciñanza, etc.
- 15.6. Oficina de Atención ao Inmigrante. Asesoramento laboral, formación... Colaboración con outros programas municipais no ámbito laboral.
- 15.7. Mellora e estabilización no tempo a través da dotación de persoal no Programa de mellora das condicións dos “sen teito” e transeúntes. (desintoxicación, acompañamento, vivenda, prestacións, etc.)
- 15.8. Axudas para a creación de taxis adaptados ás persoas con discapacidade e/ou mobilidade reducida.
- 15.9. Mellora das axudas destinadas a adaptar vivendas de maiores coa finalidade de eliminar barreiras (adaptación de duchas, cadeiras...)
- 15.10. Integración na planificación da vivenda social unha distribución de forma equilibrada por todo o municipio (non favorecer a creación guetos).

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 15.11. Elaboración de Programas que aporten vías alternativas de integración sociolaboral das prostitutas.
- 15.12. Mellora do Fogar do Transeúnte. Creación dunha Casa Aberta, un espazo para as persoas “sen teito” que poida ser usado durante todas as noites do ano. Utilizar a planta superior do Fogar do Transeúnte, onde está o centro de día, para facer esta Casa Aberta, con habitacións e ampliando a 40 prazas.
- 15.13. Creación de Vivendas de Transición, dirixidas a persoas cunha discapacidade recente, e coa finalidade de mellorar a súa adaptación á súa nova vida.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE : SERVIZOS SOCIAIS E SANITARIOS

PROGRAMA 16 : Calidade de vida da persoas maiores.

Descrición:

Garantir uns servizos asistenciais e sociais que acheguen unha maior calidade de vida aos nosos maiores. Trátase de ofrecer posibilidades de calidade de vida (accesibilidade, espazos de encontro...) e de integración social. A súa vez, búscase favorecer a permanencia e o goce dos maiores nas súas casas.

Obxectivos:

- Incidir na calidade de vida da xente maior.
- Promover o asociacionismo entre a xente maior.
- Recuperar as relacións de solidariedade
- Promover a igualdade e a cohesión social.

Accións:

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 16.1. Creación do Consello Municipal da Saúde.
- 16.2. Mellora na dinamización do Consello Municipal de Servizos Sociais. Creación dunha mesa de traballo de Persoas Maiores.
- 16.3. Promoción dentro dos espazos participativos existentes (Consello Municipal de Servizos Sociais, Mesa de Servizos Sociais e Sanitarios da A21L,...) a creación de asociacións de maiores que favorezan a participación deste sector.
- 16.4. Elaboración dunha normativa dos Centros Sociais. Creación dunha Asemblea de Usuarios en cada centro social, para o fomento da participación na súa xestión.
- 16.5. Renovación da revista municipal 65+ incluíndo novas seccións de interese para outros sectores e fomentando a súa difusión e lectura.
- 16.6. Aumento na intensidade das charlas informativas sobre a sexualidade nas persoas maiores.
- 16.7. Creación de Bancos de Tempo, troco en tempo, dirixido ás persoas maiores.
- 16.8. Campaña "Comedor sobre rodas" dirixido a persoas dependentes que viven soas.
- 16.9. Elaboración dun censo de persoas con dependencia severa.
- 16.10. Promoción de axudas para a adaptación das vivendas que favorezan á mobilidade das persoas maiores.
- 16.11. Adaptación dos edificios públicos (centros de saúde, etc) a todo tipo de persoas con dificultades para o desprazamento e a mobilidade.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 16.12. Fomento da creación de mais prazas en centros de día de titularidade pública (Xunta de Galicia, Concello de Lugo).
- 16.13. Mellora en intensidade da axuda domiciliar a persoas dependentes (mais horas dedicadas a cada persoa, e maior diversidade de horarios incluíndo fins de semana).
- 16.14. Creación de vivendas tuteladas para maiores. Podería ser aproveitado o espazo que quedará libre por algún centro social que se traslade.
- 16.15. Creación de novos centros sociais (Fontiñas, A Piringalla, Lamas de Prado...).
- 16.16. Creación do servizo de podoloxía dirixido fundamentalmente ás persoas maiores.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: PARTICIPACIÓN CIDADÁ E CONCIENCIA COMUNITARIA

PROGRAMA 17: Promoción da participación cidadá na xestión municipal.

Descrición

Unha das ideas centrais deste programa sería introducir activamente mecanismos que recollen as demandas das entidades sociais dunha maneira diferenciada.

Mellorar os mecanismos de comunicación e xestión das demandas cidadás dentro da institución municipal a través dun plan de modernización da administración municipal que redunde nunha mellora da calidade na prestación dos servizos públicos.

Noutra dirección trataríase de garantir unha maior transversalidade no funcionamento da administración na súa relación co tecido social. Garantir unha maior coordinación entre as diferentes áreas ou departamentos da administración na súa prestación de servizos cara entidades sociais.

Este programa tenta promover espazos e grupos de traballo onde os veciños e veciñas poidan facer diagnósticos das súas comunidades e propoñer accións de mellora no seu medio.

Obxectivos

Fortalecemento da participación e corresponsabilización social.

Afondar na participación democrática activa e responsable.

Promover unha administración máis receptiva para mellorar a xestión e aproveitamento dos servizos e recursos municipais.

Configurar as liñas de actuación das áreas municipais en relación a unha mellora da prestación de servizos introducindo mecanismos de participación cidadá.

Promover a normalización de procedementos participativos.

Fomentar a participación cidadá no deseño e desenvolvemento das políticas municipais e de construción da cidade.

Fomentar a participación no ámbito político, social e cultural do conxunto do municipio.

Promover, en determinadas intervencións da administración e entre as propias entidades, o diálogo e o acordo para a resolución de conflitos.

Reducir a complexidade e os tempos que rexen a tramitación das liñas de subvención que se habilitan para o tecido asociativo desde as Administracións.

Avanzar cara a elaboración de orzamentos participativos.

Promover o funcionamento do Consellos Municipais e espazos dentro do marco da A21.

Promover debates nos medios públicos de comunicación.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 17.1. Elaboración e difusión un directorio-guía do asociacionismo en Lugo.
- 17.2. Normalización (dinamización e apoio técnico) do traballo dos órganos e espazos de participación cidadá municipais.
- 17.3. Elaboración dun PAM (plan de actuación municipal) que incidise na análise organizacional-departamental e na relación coa cidadanía e o tecido asociativo.
- 17.4. Elaboración dun programa formativo relacionado coa participación cidadá e o funcionamento da administración, dirixido ao conxunto dos traballadores do concello.
- 17.5. Elaboración dunha guía que sirva para o asesoramento e formación dirixida ao cidadán respecto dos trámites, procedementos a seguir, canalización administrativa das demandas, etc).
- 17.6. Introducción de procesos de participación na planificación de unidades de actuación urbanística.
- 17.7. Actualización da Carta de Servizos.
- 17.8. Orzamentos participativos.
- 17.9. Constitución das Xuntas Parroquiais no rural que integren ao conxunto do asociacións e colectivos presentes en cada parroquia.
- 17.10. Definición de mecanismos (iniciativa legislativa popular ou similar) que sirvan para a presentación de iniciativas aos órganos de goberno municipal (Pleno).
- 17.11. Definición da web municipal como unha ferramenta de acceso a información e de xestión municipal.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 17.12. Realización de baremos de valoración por servizos, a través de enquisas de opinión cidadá.
- 17.13. Configuración da Oficina de Participación Cidadá como “xanela única” para a canalización de demandas do tecido asociativo.
- 17.14. Configuración da Oficina de Participación Cidadá como “coordinadora da actuación municipal cara ás entidades sociais”.
- 17.15. Incorporación á Oficina de Participación dunha vertente de “análise e proxección do asociacionismo” que faga un seguimento (de impacto) das actividades (en relación coa participación) promovidas pola administración.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015

EIXO DE SOSTIBILIDADE: PARTICIPACIÓN CIDADÁ E CONCIENCIA COMUNITARIA

PROGRAMA 18: Dinamización asociativa e fortalecemento de redes de cooperación.

Descrición

Establecemento de procesos de encontro entre o tecido asociativo, orientados á identificación de sinerxías na súa acción e á redución das dinámicas de competitividade que poidan existir. Trataríase de constituír mecanismos de dinamización comunitarios que poñan en común o traballo e o compromiso asociativo nos barrios.

Potenciar a coordinación entre as accións que desenvolven as asociacións que traballan cara á mesma problemática (mesmo localizándoas nun mesmo espazo...). Nesa liña, habería que reforzar os espazos de traballo existentes do conxunto das asociacións.

Obxectivos

Mellorar a coordinación entre as Administracións e o tecido asociativo.

Mellorar o coñecemento que se ten da realidade social cara á que se intervén.

Fortalecer a conciencia cívica nunha perspectiva local e global.

Establecer redes de cooperación entre o tecido asociativo.

Promover unha maior concienciación social do labor e importancia de contar cun amplo voluntariado social en Lugo.

Promover unha sociedade solidaria con outras máis desfavorecidas (cooperación).

Compartir recursos e facer máis visible o traballo social.

Accións

CURTO PRAZO, 2007 - 2009

- 18.1. Habilitación de espazos de participación da A21L para o traballo do conxunto do tecido asociativo en relación a diferentes temáticas municipais do concello (urbanismo, tráfico, servizos sociais, etc).
- 18.2. Promoción de eventos/encontros ou iniciativas que redunden na promoción dun movemento asociativo forte.
- 18.3. Edición impresa dun medio de comunicación de ámbito municipal, que reflecta a información e o coñecemento entre as entidades sociais.
- 18.4. Colocación de paneis públicos para a información á cidadanía e para que sexan usados tamén polas distintas asociacións e colectivos do concello (Praza Maior, por exemplo).
- 18.5. Constitución de acordos ou convenios cos medios de comunicación social (prensa, radio,...) para a edición dun especial cada certo tempo sobre a realidade do tecido asociativo lucense.

- 18.6. Programa formativo para a mellora do traballo organizativo das asociacións. Incidindo na súa capacitación para a xestión dos seus propios intereses e mellora da capacidade de relación coa administración, que incida en todos os ámbitos de traballo dunha asociación: formación xurídica, fiscal, novas tecnoloxías, financeira, etc, para que as entidades poidan ter maior autonomía no seu funcionamento.
- 18.7. Habilitación dos Centros Sociais como espazos para o asociacionismo nos barrios (realización de actividades, reunións, etc).
- 18.8. Plan de usos dos recursos públicos existentes en diferentes organismos (equipamentos nos colexios, etc) para o disfrute do barrio.
- 18.9. Promoción dunha campaña para incentivar o civismo e a corresponsabilización de todos os cidadáns na utilización dos espazos e equipamentos da cidade.
- 18.10. Programa formativo e de dinamización asociativa (dirección de grupos de traballo, dinamización de xuntanzas, novas tecnoloxías, etc) que analice os mecanismos ou problemas que ten cada sector ou colectivo para dinamizar unha verdadeira participación e implicación dos seus asociados.
- 18.11. Campañas de fomento do asociacionismo.
- 18.12. Creación de bolsas de voluntariado nos diferentes ámbitos sociais.
- 18.13. Celebración do día do voluntariado/feira do voluntariado.
- 18.14. Cursos de formación. Promover políticas educativas que promovan prácticas solidarias entre a cidadanía lucense.
- 18.15. Constitución dun órgano que garanta a coordinación con entidades prestadoras de servizos de voluntariado.

MEDIO PRAZO, 2010 - 2012

- 18.16. Elaboración dun Mapa de Recursos do Asociacionismo, de titularidade da Administración (municipal, autonómica, etc) e de titularidade das propias asociacións: análise e mellora das infraestruturas, dotacións e equipamentos existentes en Lugo, promovendo a máxima eficiencia no seu uso.
- 18.17. Fomento de servizos técnicos especializados no apoio, asesoramento e información ás asociacións, con carácter complementario para dotar de máis autonomía no seu funcionamento diario.
- 18.18. Realización dunha publicación anual que analice as claves da caracterización do voluntariado sectores nos que se concentra, canta xente se está ocupando, as súas problemáticas e propostas de actividades de mellora; que podería ter o mesmo tratamento que as publicacións do movemento asociativo
- 18.19. Establecemento de figuras de mediación social que dinamicen as relacións entre asociacións a través da mellora da comunicación e da interlocución coa administración e a cidadanía.
- 18.20. Creación dun Centro Cívico (Casa das Asociacións) que dese un apoio loxístico e de asesoría ás actividades do tecido social. Un centro que dese cobertura a todo o conxunto do terceiro sector. Incluindo o acceso á sociedade da información e o coñecemento.

LONGO PRAZO, 2013 - 2015